

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 3 de maio de 2007 pola que se modifica parcialmente a do 28 de xuño de 2006 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizo e por petición da interesada ou interesado, dos funcionarios dos corpos docentes en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral.

Pola Orde do 28 de xuño de 2006 regulouse a adscrición de forma temporal, en comisión de servizo e por petición da interesada ou interesado, dos funcionarios dos corpos docentes en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral.

A experiencia acadada na aplicación da citada orde aconsella realizar modificacións puntuais nesta, eliminando o requisito de ter destino definitivo para poder efectuar a solicitude e permitir o acceso a estas comisións de servizo das funcionarias e funcionarios en excedencia por coidado de fillo, e das mulleres embarazadas ou dos seus cónxuxes, cando exista unha previsión de que o parto se produza con anterioridade ao inicio do curso académico.

Na súa virtude, no uso da autorización conferida pola disposición derradeira primeira do Decreto 244/1999, do 29 de xullo,

DISPOÑO:

Primeiro.-O artigo 1.1º da Orde do 28 de xuño de 2006 queda redactado do seguinte xeito:

«O procedemento e convocatoria ten por obxecto posibilitar a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos, a tarefas propias do seu corpo en prazas distintas do destino que se ocupa e para as que estea habilitado, a funcionarios docentes que imparten ensinanzas distintas das universitarias, con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, por motivos de conciliación da vida familiar e laboral».

Segundo.-O artigo 2 da Orde do 28 de xuño de 2006 queda redactado do seguinte xeito:

«Poderán solicitar adscrición temporal a tarefas propia do seu corpo, en réxime de comisión de servizos por motivos de conciliación da vida familiar e laboral, a distinta localidade, se é o caso, do seu centro de destino, as funcionarias e funcionarios de carreira dos corpos docentes regulados na Lei orgánica de educación, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que se encontren en situación de servizo activo ou de excedencia por coidado de fillos».

Terceiro.-Os puntos 1º e 2º do artigo 3 da Orde do 28 de xuño de 2006 quedan redactados do seguinte xeito:

«1. Ter un fillo menor de 3 anos, dous fillos menores de cinco anos ou tres fillos menores de dez anos. Poderá, así mesmo, efectuarse a solicitude cando exista embarazo a termo final no ano natural en que se presenta a instancia. No caso de adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo, a idade computarase desde a resolución xudicial ou administrativa.

2. Ter, se é o caso, destino definitivo a unha distancia superior a 60 quilómetros da localidade que se solicita ou que o desprazamento teña unha duración superior a unha hora».

Cuarto.-Engádesse un punto cuarto ao artigo 4 coa seguinte redacción:

«4. Para aquelas persoas que participen no concurso de traslados o prazo de presentación de solicitudes será de quince días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución do concurso de traslados no *Diario Oficial de Galicia*».

Disposición transitoria

O prazo de presentación de solicitudes para o curso escolar 2007-2008, para aquelas persoas afectadas polas modificacións establecidas por esta orde, será de 15 días naturais contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a secretaria xeral a ditar as normas que sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2007

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 19 de abril de 2007 pola que se modifica a do 19 de novembro de 2003 pola que se fai pública a composición do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

Advertido erro na Orde do 19 de abril de 2007, publicada no DOG nº 92, do luns 14 de maio, cómpre efectuar a seguinte rectificación:

No artigo único, onde di: «Adrián García González», debe dicir: «Hadrián Fariña González».